

## BASES OPERARIOS/AS SERVIZOS MULTIPLES( 5 meses)



OBXECTO: contratación durante 5 mes, a T/P de 8 persoas como operarios/as de servizos múltiples para tarefas de mantemento, conservación de espazos públicos e limpeza e recollida de residuos, atempo parcial.

A convocatoria publicarase no Taboleiro municipal de anuncios e na Páxina Web.

### Requisitos:

Maior de 16 años.

Non padecer defecto que impida o normal desenvolvemento dos traballos .

Titulación requirida: Estudos primarios.

Presentación de instancias: Poderán presentarse nas oficinas municipais ou a través da Sede Electrónica. O prazo para elo rematará o día 12 de xuño de 2017, ás 14 horas para a presentación nas oficinas e ás 24 horas para a presentación telemática.

### Selección:

A selección levarase a cabo ás 10 horas, do día 15 de xuño de 2017, no I.E.S de Muxía. e consistirá en:

- Constestación a cuestionario de preguntas cortas outipo test relacionadas co Temario do Anexo. Valorarase de 0 a 5 p.
- Valoración dos seguintes méritos: Posuír carnet de conducir: ata 0.5 p
- Experiencia en tarefas similares: ata 2 p
- Cursos relacionados ca materia obxecto do contrato e de riscos laborais: ata 3 p


O órgano seleccionador estará formado exclusivamente por persoal funcionario do concello.

## ANEXO TEMARIO



- Persoal ao servizo da Administración: Tipos de persoal. Dereitos e Deberes.
- O termo municipal de Muxía: lugares de interese, situación, límites xeográficos, etc.
- Nocións básicas sobre seguridade e hixiene no traballo.
- Nocións sobre manexo de útiles, ferramentas e materiais de uso común por un/haoperairo/a de S.M.
- A recollida de residuos no término municipal de Muxía.

## BASES OPERARIOS/AS SERVIZOS MULTIPLES



OBXECTO: contratación durante 1 mes, a T/P de 47 persoas como operarios/as de servizos múltiples para tarefas de mantemento, conservación de espazos públicos e limpeza a tempo parcial.

A convocatoria publicárase no Taboleiro municipal de anuncios e na Páxina Web.

### Requisitos:

Maior de 16 anos.

Desempregados/as inscritos/as no S.P.E.

Non padecer defecto que impida o normal desenvolvemento dos traballos .

Titulación requirida: Estudos primarios.

Presentación de instancias: Poderán presentarse nas oficinas municipais ou a través da Sede Electrónica. O prazo para elo rematará o día 12 de xuño de 2017, ás 14 horas para a presentación nas oficinas e ás 24 horas para a presentación telemática.

Ás instancias adxuntaránse DNI, copia da tarxeta de desemprego.

### Selección:

A selección levarase a cabo ás 10 horas, do día 15 de xuño de 2017, no Instituto de ESO de Muxía e consistirá en:

- Constestación a cuestionario de preguntas tipo test relacionadas co Temario do Anexo. Valorarase de 0 a 5 p.
- Valoración dos seguintes méritos: Posuír carnet de conducir: 0.5 p

O órgano seleccionador estará formado exclusivamente por persoal funcionario do concello.

A relación de persoas seleccionadas publicarase no Taboleiro de anuncios e na Páxina WEB.



#### ANEXO TEMARIO

- Persoal ao servizo da Administración: Tipos de persoal. Dereitos e Deberes.
- O termo municipal de Muxía: lugares de interese, situación, límites xeográficos, etc.
- Nocións básicas sobre seguridade e hixiene no traballo.
- Nocións sobre manexo de útiles, ferramentas e materiais de uso común por un/ha operairo/a de S.M.

•

## BASES SELECCIÓN AUXILIARES BIBLIOTECA



OBXECTO: Contratación durante un mes, T/P de 9 auxiliares para Biblioteca Municipal.

### REQUISITOS:

Maior de 16 años.

Desempregados/as inscritos/as no S.P.E.

Non padecer defecto que impida o normal desenrolo dos traballos .

Titulación requirida: ESO ou titulación equivalente.

Presentación de instancias: Poderán presentarse nas oficinas municipais ou a través da Sede Electrónica. O prazo para elo rematará o día 12 de xuño de 2017, ás 14 horas para a presentación nas oficinas e ás 24 horas para a presentación telemática.

Ás instancias adxuntaránse DNI, copia da tarxeta de desemprego e xustificantes dos méritos alegados.

### Selección:

A selección levarase a cabo ás 10 horas, do día 15 de xuño de 2017, no Edificio de Servizos Múltiples Municipal e consistirá en:

- Constestación a cuestionario de preguntas tipo test relacionadas co Temario do Anexo. Valorarase de 0 a 5 p.
  
- Valoración dos seguintes méritos:

\* Posuír titulación superior á mínima requerida, sempre que esté relacionada ca materia obxecto do contrato: 1 punto `por titulación de grado o licenciatura.

0,5 p por titulación de diplomatura

0,25 por titulación de bacharelato ou Técnico Superior.

- Coñecementos acreditados doutro idioma europeo: Só será vaída a acreditación deste apartado por título Oficial de universidade ou Escola Oficial de Idiomas.
- Valorarase da seguinte maneira:

Acreditación de Intermedio: ata 0.30p

Acreditación de Avanzado: ata 0.60p

No caso de ter ambas acreditacións, só será valorada á de maior titulación.

#### ANEXO TEMARIO:

- Persoal ao servizo da Administración: Tipos de persoal. Dereitos e Deberes.
- O término municipal de Muxía: lugares de interese, situación, límites xeográficos, actividade cultural etc.
- A biblioteca municipal de Muxía: prestación do servizo, fondos, actividades.
- Nocións sobre historia do libro e das bibliotecas.
- Breves nocións sobre informática básica e idiomas (inglés ou francés a elixir polo aspirante).

## BASES POSTO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

### Requisitos esixidos:

- Posuír nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea, ou disfrutar do dereito á libre circulación de traballadores.
- Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade de xubilación.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo nas AAPP nin estar inhabilitado para o exercicio da función ou emprego público.
- Non ter antecedentes penais nin causa abertas por agresións ou malos tratos.
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou defecto físico ou psíquico que cause prexuízo para as persoas ás que se lles preste o servizo, debendo de aportar certificado médico oficial destes extremos e da súa aptitude para realizar este tipo de traballo.
- Estar inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego.
- Posuír o permiso de conducir B1 e dispoñibilidade de vehículo.
- Posuír (Ao menos un):

- 1.- Título de técnico/a de coidades aux de enfermería ou en Atención a persoas en situación de dependencia ou de Atención sociosanitaria.
- 2.- Certificado de profesionalidade de Atención sociosanitaria a persoas dependentes ou a persoas en domicilio ou certificado de profesionalidade de Axuda a domicilio.

### Forma de selección.

a) Fase de concurso de méritos: Máximo de 5 puntos.

1.- Formación, ata un máximo de 2 puntos.

Cursos e xornadas na materia relacionada co posto, impartidos por organismos oficiais:

Ata 30 h.: **0,5 puntos.**

Máis de 30 h e ata 60 h: **1 punto.**

Máis de 60 h.: **2 puntos.**

Posuír curso de Axuda no fogar impartido por organismo oficial, (plan FIP, PROXIMITAS, Universidade, etc). De máis de 100 h. puntuarase da seguinte forma:

- Entre 101 e 300 h: **1 punto.**
- Máis de 300 h.; **2 puntos.**

2.-Coñecemento do idioma galego: (Puntuarase só o maior destes cursos):

Curso de Iniciación: **0,25 puntos.**

Curso de Perfeccionamento: **0,5 punto.**

Curso de maior nivel: **1 puntos.**



3.-Experiencia profesional: Ata 2 puntos.

**0,20 puntos** por mes traballado como auxiliar de axuda a domicilio para a Admón. Local, autonómica ou estatal.

**0,10 puntos** por mes traballado como auxiliar de axuda a domicilio para institucións privadas recoñecidas.

b) Entrevista-cuestionario sobre o desenvolvemento do traballo concreto a realizar: máximo de 3 puntos.

Neste apartado valorarase a sensibilidade do aspirante ante os problemas sociais, a súa consideración cara as persoas necesitadas de atención, a posesión de condutas habilidosas no traballo ao que aspira, o respecto polas persoas ás que debería de atender, e os coñecementos da normativa mencionada, mencionada no Anexo I.

**SOLICITUDES:**

Presentaranse no Rexistro municipal do Concello no periodo indicado na convocatoria xenérica ou a través da sede electrónica municipal. As solicitudes acompañaranse os xustificantes dos méritos alegados e dos requisitos esixidos.

**TRIBUNAL:**

Será colexiado e a súa composición axustarase aos principios de imparcialidade, profesionalidade e de paridade entre muller e home e integrarase exclusivamente por funcionarios e persoal laboral do Concello.

Convocada a selección só poderán resultar seleccionados un número de aspirantes igual ao dos postos convocados.

Estes criterios e os procesos de selección ao respecto poderán ser impugnados na forma establecida na LPA

Anexo:

Ordenanza Municipal de Axuda no Fogar

Lei de Servizos Sociais de Galicia.

O término municipal de Muxía: Servizos, organización, etc.



BASES PERSOAL LIMPEZA PRAIAS.- Subvencionado pola Deputacion Provincial.

Obxecto:

Contratación durante 1 mes, T/P de 21 operarios (7 cada mes) para limpeza de praias. A convocatoria será publicada no Taboleiro municipal e na páxina web.



Requisitos:

- Maior de 16 anos.
- Desempregados/as inscritos/as no S.P.E.
- Non padecer defecto ou enfermidade que impida o normal desenvolvemento dos traballos.
- Os xerais do acceso ao emprego público.

Titulación requirida: E. P.

Presentación de instancias

Nas oficinas municipais ou a través da sede electrónica municipal.

O prazo rematará ás 14.00 horas do día 12 de xuño. (24 horas para presentación electrónica.)

Ás instancias adxuntarase copia do DNI e fotocopia e tarxeta de desemprego e carnets de conducir,

Selección:

Día 15 de xuño 2017, ás 10.00 horas no Instituto de ESO de Muxía.

Efectuarase cuestionario – entrevista. O cuestionario versará sobre temas do Anexo.

A puntuación será de 0 a 10 puntos.

Valoración de méritos:

Carnet de conducir B ou superior: 0,5 puntos.

**ANEXO TEMARIO:**

- Persoal ao servizo da Administración: Tipos de persoal. Dereitos e deberes.
- O termo municipal de Muxía: lugares de interese, situación, límites xeográficos, etc.
- Nocións básicas sobre seguridade e hixiene no traballo.
- Nocións sobre manexo de útiles, ferramentas e materiais de uso común por un/ha operario de servizos múltiples na limpeza de praias.

## BASES SELECCIÓN POSTO DE OPERARIO/A TURISMO



Contratación subvencionada pola Deputación Provincial de A Coruña.

Obxecto: Contratación laboral de 2 persoas, unha durante 6 meses e outra durante 4 meses aproximadamente, 25 h/semana para a Oficina de Turismo Municipal.

### Requisitos:

-Desempregado/a

-Posuír algunha das seguintes titulacións:

- Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
- Técnico en empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
- Grao en Diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.
- Grao ou Licenciatura en Historia da Arte, Humanidade, Xeografía e Ordenación de territorio, Grao ou Licenciatura en Historia.

-Os xerais do acceso ao emprego público.

### Presentación de instancia:

No rexistro do Concello de Muxía ou na sede electrónica ([concellodemuxia.com](http://concellodemuxia.com)) antes das 14 h., no primeiro caso e das 24 h. no segundo caso, do día 12 de xuño de 2017.

### Selección:

Será efectuada o día 15 de xuño, ás 10:00 horas mediante:

#### 1.- Valoración de méritos:

- Cursos específicos en materia turística impartido por centros oficiais, Universidade, ou escola de Administración pública con duración superior a 20 horas.

- Coñecemento de idiomas (inglés, francés ou alemán): segundo certificación da EOI ou centro oficial de ensinanza:

- Certificado nivel básico: 0,10 p.
- Certificado nivel medio: 0,5 p.



- Certificado nivel avanzado: 0,75 p.  
(Só puntuará o nivel máis alto)
- Curso de perfeccionamento de galego u Celga 4: 0,5 p.

2.- Cuestionario e/ou exercicio práctico sobre o materia obxecto do Anexo I destas bases, puntuando de 0 a 10 puntos e sendo preciso obter 5 puntos para enténdelo superado, non podendo acumularse para iso a puntuación da base de méritos.

Lista de admitidos/as:

O día 13, antes das 10:00 h., será publicada a lista de admitidos/as - excluídos/as, contra a que se poderá formular reclamacións ata as 12:00 h. do 14 de xuño.

Ese mesmo día será publicada a lista definitiva.

Anexo-

1. O municipio de Muxía: Termo municipal, poboación, patrimonio, recursos turísticos, materiais e medioambientais.
2. Breves nocións sobre os recursos turísticos naturais e medioambientais de Galicia.
3. Dereitos e deberes do persoal ao servizo da Administración Pública.
4. Nocións básicas sobre informática.
5. A atención nun oficina de turismo municipal.

Pode introducirse a realización dalgunha pregunta en outro idioma comunitario (inglés, francés ou alemán).

O tribunal seleccionador estará formado exclusivamente por persoal funcionario do concello.

## CONVOCATORIA SELECCION PERSOAL LABORAL.



### 1.- Obxecto:

Selección do persoal laboral indicado a continuación:

- 8 operarios de servizos múltiples, 5 meses, 2/3 xornada
- 9 auxiliares de biblioteca, 1 mes, ½ xornada
- 47 operarios de servizos múltiples, 1 mes, ½ xornada
- 9 postos de auxiliar de axuda a domicilio, 2 mes; 2/3 xornada.
- 21 persoas cuadrilla de praias, 1 mes, T/P (Subv. por Deputación Provincial)
- 2 Técnicos/as en turismo (Subv. por Deputación Provincial).

### 2.- Requisitos:

Indicados nas Bases de cada posto.

### 3.- Presentación de instancias:

No Rexistro do Concello de Muxía ou sede electrónica ([concellodemuxia.com](http://concellodemuxia.com)) antes das 14 h. no 1º caso e das 24 h. no segundo caso do día 12 de xuño de 2017.

### 4.- Publicación de listas de admitidos/as:

Provisional: Día 13 xuño de 2017

Definitiva: Día 14 xuño de 2017

### 5.- Selección:

Día 15 de xuño de 2017, ás 10 h. nos seguintes lugares:

1) -Operarios/as Serv.Múltiples -Limpeza praias	I. E. Secundaria de Muxía
2) -Biblioteca -Axuda domiciliaria	Edificio Serv. Múltiples de Muxía
3) -Técnico/a turismo	Casa Consistorial

### 6.- Máis información: Bases específicas.